

FICHA DE TRABALLO INVESTIGACIÓN PATRIMONIO

CAMIÑO DE INVERNO

- *Nome do Monumento:* **IGREXA DE SAN PAIO DE DIOMONDI**
(Etapa 5 do camiño de inverno: Monforte – Chantada)

- *Fotos:*



- *Estado de Conservación:*

A súa fachada foi restaurada en 2016.

- *Situación do monumento: (google maps):*



Sitúase en O Saviñao, en plena Ribeira Sacra do Miño. Moi cerca dela atópase tamén o monasterio de Santo Estevo de Ribas de Miño (o seu “irmán maior”), co que ten un certo parecido.

O palacio de Diomondi está pegado ó lado norte da Igrexa. Construíuse nos séculos XIII e XIV. Utilizouse como residencia episcopal e como prisión. Adoitaba ser residencia de verán do obispo de Lugo. Goza dun gran interese xa que é un dos escasos exemplos de arquitectura civil medieval en Galicia.

Pódese consultar o mapa e as direccións pa saber cómo chegar no seguinte [enlace](#).

- *Interior:*

Na nave observamos unha posible intención dun tellado abovedado, aínda que non se concretou e resolveuse cun tellado de madeira sostido por arcos apuntados, que descansan nalgúns curiosos capiteis para o románico do momento. As fiestras interiores teñen unha decoración sinxela. Na nave, os do lado norte quedaron cegados pola anexión do edificio do antigo pazo episcopal usado ata os tempos do bispo Aguirre S.XIX como residencia de verán. Do mesmo xeito permanecen faltas de luz natural tódalas fiestras setentrionais da nave. No interior, probablemente construíronse arcos semicirculos decorados con chambrana coa intención de aloxar tumbas que nunca se levaron a cabo.



A cabeceira cúbrese con *boveda de cañón* no seu tramo recto e con *bóveda de cascarón* no hemiciclo. Tanto nunha coma na outra emprégase pedra irregular e menuda, material inusual neste tipo de estruturas. O seu peso sopórtase por *arcos faixóns* e, ó mesmo tempo, columnas ornadas con ricos capiteis vexetais. Tres son as fiestras que se abren no *ábside*, unha delas atópase cegada despois de adosarse a casa consistorial ó muro norte da igrexa.

- *Exterior:*



Planta dunha nave e cabeceira con ábside de semitambor. Muros laterales con contrafortes e fermosos ventanais.

A iconografía dos capiteis é, probablemente, unha das cousas máis destacadas deste monumento. Neles amósanse varios animais fantásticos (aves de diferentes tipos, sagitarios, animais con cabeza humana, etc.)

Pola forte estrutura dos apoios e contrafortes exteriores, dedúcese que a nave foi proxectada tendo unha cuberta abovedada. Por algunha razón descoñecida (probablemente económica), non se chegou a rematar e foi recuberta con teitos de madeira. Os capiteis que sosteñen os arcos entre columnas son tamén lisos, algo pouco usual no románico, o cal nos dai deducir que están tamén sen rematar.

No exterior, a portada principa presenta catro arquivoltas de medio punto peraltadas, ceñidas por unha **chambrana axedrezada** de igual directriz.

O seu peso é sustentado por columnas de **fustes marmóreos e capiteis** que como antes se mencionou, estaban adornados por motivos **zoomorfos** (cuadrupedos, aves e centauros).



As portas laterais tamén nos amosan unha delicada decoración. O norte só se pode ver dende o interior e ten unha fina decoración de billetes que se repite en toda a igrexa. Así como dúas cabezas de canido nas mochetas. Segundo algúns autores, recordan o obradoiro de prata da catedral de Santiago de Compostela. A porta sur repite internamente a decoración de billetes, ao exterior presenta un tímpano cunha dobre fila de arcos cegos, e a simetría sorpréndenos de novo nas meixelas, neste caso con dous bois finamente tallados.



No muro sur destaca a portada pola delicadeza das suas formas, donde un **tímpano polilobulado** descansa sobre dúas ménsulas ornadas con **cabezas de becerros**. Cabe sinalar que a parte superior do muro carece de cornisa e canecillos que indican a posible conclusión das obras sin axustarse ó proxecto inicial. Tamén inacabado quedou o remate dos contrafortes onde só se dispoñen das primeiras dovelas de arcos e o arranque de chambranas xaqueadas que os enmarcarían. Todo isto corrobora a anterior teoría donde a falta de financiación sería o principal motivo.

- *Historia, breve resumo:*

Os principios deste monasterio lucense remontanse ó século X. Un tempo despois de producirse en Córdoba o martirio de San Pelayo que foi decapitado por orde de Abderraman. Pelayo era de orixe galego, as súas reliquias venéranse en Córdoba. É precisamente a el é a quen vén adicado este templo. Adoita a representarse con rasgos adolescentes xa que cando o mataron era xoven, e represéntase tamén cunha palma de martirio na man.

O inicio das obras remóntase ata o ano 1170, tal como se mostra na súa fachada. Planeouse tamén a construción dun mosteiro, aunque este non se rematou según o proxecto orixinal.

- *Dato curioso:*

O Palacio de Diomondi, como se mencionou anteriormente, ademais de servir como residencia estival dos obispos, tamén exerceu a función de cárcel en certos períodos da Idade Media. Según investigacións feitas pola historiadora e profesora universitaria Nieves Peiró, nesta prisión encerrábanse as persoas xulgadas por diversos delitos sobre os cales tiñan xurisdición os obispos, coma o roubo de gando, a falsificación de pesos e moedas ou os fraudes na venta de ciño.

A diocese, nembargantes, non podía xulgar os delitos de violencia física e derramamento de sangue, que neste territorio eran competencia exclusiva dos Condes de Lemos.

Foi declarado monumento nacional no ano 1931.